

MUERA CUPIDO

Sebastián Durón, José de Nebra
e a tradición musical teatral en España ao redor de 1700

NÚRIA RIAL *soprano*

ACCADEMIA DEL PIACERE
FAHMI ALQHAI

JOHANNA ROSE *viola da gamba*
RAMI ALQHAI *violón*
JAVIER NÚÑEZ *clave*
FAHMI ALQHAI *viola da gamba soprano / dirección musical*

Pavana
Francisco Guerau (1649-ca.1722)

Yo hermosísima Ninfa
recitado e aría de "El imposible mayor en amor le vence Amor"
atribuída a Sebastián Durón (1660-1716)
e a José de Torres (ca. 1670 - 1738)

Quantos teméis al rigor
arietta ytaliana - rezitado [brioso] - [vibo]
de "Las nuevas armas de Amor"
Sebastián Durón (1660-1716)

Xácaras & Folías
improvisación

Sosieguen, descansen
solo humano, de "Salir el Amor del Mundo"
Sebastián Durón (1660-1716)

Pastorella che tra le selve
[ms 2245 da Biblioteca Nacional de España]
Giovanni Bononcini (1670-1747)

Marionas & Canarios
Fahmi Alqhai

Adiós, prenda de mi amor
aría de "Amor aumenta el valor"
José de Nebra (1702-1768)

Tempestad grande, amigo
fandango de "Vendado es amor, no es ciego"
José de Nebra (1702-1768)

concepción, arranxos e adaptación do programa: Fahmi Alqhai
asesoría musicolóxica: Álvaro Torrente e José María Domínguez

Salón Teatro
Santiago de Compostela
luns 24 outubro 2022 | 20.00

Se aplicar a palabra "barroca" á música composta nos séculos XVII e XVIII supón agochar tras ela mundos ricos e diversos, o caso español é particularmente revelador, pois oculta un radical cambio de estilo no cambio de século. Foi, paradoxalmente, a subida ao trono da familia francesa dos Borbóns o que trouxo a Madrid, en 1701, o estilo italiano que anegaba Europa. Até daquela a música española rexíase por tradicións propias, con harmonías características, unha escritura instrumental ás veces pouco idiomática, unha escritura vocal moi silábica e, incluso, unha notación especial para os seus singulares ritmos, alternando o binario e o ternario –uns ritmos moi flamencos, diríamos hoxe–. Esas características son aínda recoñecibles en *Sosieguen, descansén* de Sebastián Durón e nas danzas coetáneas que serven como interludios instrumentais no programa.

A cantata italiana *Pastorella che tra le selve* (manuscrito conservado na Biblioteca Nacional de España) é un magnífico exemplo da introdución do que xa daquela chamou North "o lume e a furia do estilo italiano". A chegada dos Borbóns significou tamén o ascenso de Sebastián Durón a mestre de capela (pese a que acabou os seus días no exilio como entusiasta pro-austriaco) e títulos como *arietta ytaliana* revelan os seus intentos inequívocos por adaptarse aos novos tempos, que lle costarían décadas despois ser acusado de italianizante polo padre Feijoo no seu *Teatro Crítico Universal* (1726): "Esta é a música destes tempos, coa que nos regalaron os italianos, por man do seu afeccionado o mestre Durón, que foi o que introduciu na música de España as modas estranxeiras. É verdade que despois aquí se apuraron tanto estas que, se Durón resucitara, xa non as coñecería; pero sempre se lle poderá botar a el a culpa de todas estas novidades por ter sido o primeiro que lles abriu a porta".

En todo caso, o triunfo do estilo italiano sería axiña absoluto, tanto na Real como no resto das capelas musicais españolas e europeas. José de Nebra, organista primeiro do Monasterio de las Descalzas Reales de Madrid e logo da mesma Capela Real, asumíuno xa plena e maxis-

Organiza



Patrocinan



Colaboran



tralmente nas súas cantadas, con recitativos secos cheos de modulacións atrevidas, arias *da capo*, unha escritura instrumental específica, coloraturas esixentes... Ao combinalo habilmente con formas e ritmos daquela populares como o fandango ou a seguidilla, Nebra conduciu unha exitosa carreira no efervescente mundo da música escénica madrileña da primeira metade do século XVIII, sen renunciar para iso ás cualidades que o converten, en opinión de moitos, no mellor compositor español do seu tempo.

Juan Ramón Lara

ACCADEMIA DEL PIACERE

A forte personalidade artística do seu director e unha visión vitalista da música marcan a singularidade do conxunto Accademia del Piacere: os seus músicos concíbena como algo vivo e cheo de emocións que interiorizan como propias e transmiten ao espectador, sexa a música creada hoxe ou a concibida hai séculos. Nas súas gravacións teñen revelado novos matices en repertorios fundamentais da música histórica como o *Seicento* italiano (*Le Lacrime di Eros*), a música española do Renacemento (*Rediscovering Spain*) ou a escénica do Barroco hispano (*Muera Cupido*, xunto a Núria Rial), recibindo premios como

o Opus Klassik (Alemaña, 2020), o Choc de Classica (Francia), o Prelude Award (Países Baixos) e varios premios GEMA en España, entre outros moitos. Ademais, Accademia del Piacere e Fahmi Alqhai visitan con igual éxito territorios artísticos alleos ao historicismo, como en *Las idas y las vueltas* e *Diálogos*, xunto aos cantaores flamencos Arcángel e Rocío Márquez, respectivamente, polos que recibiron o premio Giralddillo da Bienal de Flamenco de Sevilla 2012 e 2016. Accademia del Piacere sitúase na primeira liña europea da música antiga e as súas actuacións lévano a singulares salas de Europa, América e Asia, como o Oji Hall de Tokio, o Museo Británico de Londres ou a Philharmonie de Berlín, así como a outras moitas de Estados Unidos, Alemaña, Francia, Xapón, Bélxica, Holanda, México, Colombia, Suíza, España, etc. Os seus concertos son regularmente transmitidos en directo pola Unión Europea de Radiodifusión e as súas emisoras asociadas e ten aparecido en múltiples emisións televisivas, dende TVE até a NHK xaponesa. Accademia del Piacere recibe o apoio da Junta de Andalucía e do Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música.



Organiza



Patrocinan



Colaboran

